



Resolución do 21 de xaneiro de 2025, da Universidade da Coruña, pola que se modifica a composición do tribunal que vulgará as probas selectivas para a provisión de vinte prazas vacantes na relación de postos de traballo de persoal técnico de xestión e de administración e servizos, funcionario/a da escala xeral administrativa, subgrupo C1.

Por Resolución do 18 de decembro de 2024, noméase e publícase a composición do tribunal que vulgará as probas selectivas para o ingreso na escala administrativa, convocadas mediante a Resolución do 30 de maio de 2024 (DOG do 10 de xuño).

Ana Valvanera Núñez Cartelle, vogal suplente do tribunal destas probas selectivas, presenta a súa abstención por ter parentesco de consanguinidade dentro do segundo grao cunha participante no proceso.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 7 de xullo de 2024,

RESOLVE:

1º Aceptar a abstención de Ana Valvanera Núñez Cartelle, como vogal suplente do tribunal destas probas selectivas, e nomear vogal suplente, no seu lugar, a Rosa María Boo Alonso, funcionaria da Universidade da Coruña.

A Coruña, asinado dixitalmente

A xerenta

PD Reitor (RR 10.07.2024)

Mª Jesús Grela Barreiro

Código Seguro De Verificación	DYiLHAtMGxiQq0ClRwF/4A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	23/01/2025 11:28:02
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/DYiLHAtMGxiQq0ClRwF/4A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

